

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS COMPRENDIDAS NO PROXECTO "ACONDICIONAMENTO DE ESPAZOS E INSTALACIÓNS PARA COMEDOR ESCOLAR NO CEIP O PIÑEIRIÑO (VILAGARCÍA DE AROUSA)"

Vilagarcía de Arousa, 5 setembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte,, na súa condición de conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 148/2016, do 13 de novembro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 a Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia, e o artigo 3 do Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Doutra,, na súa condición de alcalde do Concello de Vilagarcía de Arousa, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas partes recoñécense a capacidade legal necesaria para formalizar este convenio de colaboración, consonte os principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas, e

EXPOÑEN

I. O establecemento do servizo de comedor escolar no CEIP O Piñeiriño (Vilagarcía de Arousa) para dar resposta ás demandas da comunidade educativa esixe acometer unha actuación de reforma integral que permita acondicionar os espazos e instalacións dos antigos vestiarios situados no semisoto do centro para destinalos ao comedor escolar e aos aseos vinculados ao comedor.

Estas actuacións ascenden á contía de 78.000 euros en concepto do investimento nun inmovible de titularidade municipal adscrita ao uso educativo. No actual contexto de austeridade orzamentaria este importante desembolso económico non se pode levar a cabo sen a colaboración administrativa entre as administracións implicadas: a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Vilagarcía de Arousa.

II. Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 26 de novembro, do réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

III. A lexislación de réxime local establece como unha das competencias propias dos concellos a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

Para estes efectos, e co fin de posibilitar a súa consecución real e efectiva, instrumentase este convenio dirixido ao cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente. En virtude do exposto, ámbalas dúas partes acordan a súa subscrición de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é articular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Vilagarcía de Arousa para levar a cabo as obras do proxecto de "Acondicionamento de espazos e instalacións para comedor escolar no CEIP O Piñeiriño (Vilagarcía de Arousa)".

Segunda. *Orzamento*

O importe destas actuacións ascende a contía de 78.000 euros (IVE incluído). Desta cantidade 75.000 euros corresponden á execución da obra, que comprenderá todos os gastos que derivan dela, incluídos os da dirección e de seguridade e saúde.

A cantidade restante de 3.000 euros corresponde ao custo da redacción do proxecto.

Terceira. **Financiamento**

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asumirá a redacción e aprobación do proxecto técnico con cargo aos seus orzamentos

Os gastos correspondentes á realización das obras, incluídos os derivados da dirección facultativa e da coordinación da seguridade e saúde laboral, serán financiados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Vilagarcía de Arousa, de acordo coas achegas que se indican:

Institución	Importe	Aplicación orzamentaria
Consellería	40.000	10.10.422A.632.1.04
Concello	35.000	320.63200

Se na fase de execución da obra os custos contemplados nesta cláusula resultan incrementados, as partes financiarán dito incremento na mesma proporción na que participan.

Cuarta. **Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**

A consellería contratará a redacción do proxecto por un importe máximo de 3.000 euros e levará a cabo a licitación, dirección, execución e recepción das obras incluídas no proxecto técnico, que non poderán superar a contía de 75.000 euros.

A consellería asumirá o custo do proxecto e achegará 40.000 euros do custo da obra con cargo ao crédito desconcentrado na Xefatura Territorial de Pontevedra, e quedará obrigada a destinar os fondos percibidos do Concello de Vilagarcía de Arousa ao financiamento do obxecto deste convenio, recollido na súa cláusula primeira. Igualmente, nas súas relacións co Concello de Vilagarcía de Arousa, deberá atender ao cumprimento das estipulacións contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e ao seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, en particular no que se refire á xustificación das subvencións. Conforme ao establecido na lei

38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, deberase proceder á publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Unha vez finalizadas as obras procederá á súa entrega ao Concello de Vilagarcía de Arousa, mediante a formalización da correspondente acta na que se consignará o investimento realizado e os aspectos necesarios para a súa inclusión no inventario correspondente.

Quinta. ***Obrigas do Concello de Vilagarcía de Arousa***

O concello porá a disposición da consellería o CEIP O Piñeiriño coa finalidade de levar a cabo as obras previstas no proxecto e concederá as autorizacións que fosen precisas.

O concello financiará 35.000 euros do custo da obra mediante a achega correspondente. Esta achega constitúe a concesión dunha axuda pública á consellería, compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, co límite de non superar, illada ou en concorrencia con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos, o custo da actividade subvencionada. A confluencia de competencias de distintas administracións dentro do mesmo espazo físico e os intereses públicos, sociais e económicos implicados imposibilitan a concorrencia competitiva no procedemento e determinan o seguimento dos trámites de concesión directa previstos na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia (artigos 19 e 26).

Como requisito previo a licitación da obra e no prazo máximo dun mes dende a sinatura do Convenio, o aboamento da achega do Concello, na cantidade sinalada na cláusula terceira, farase efectivo á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, mediante ingreso na conta xeral da Xunta de Galicia, c/c. ES82 2080 0300 8731 1006 3172 indicando o concepto e referencia do Convenio.

Corresponde ao concello asumir o mantemento e a conservación dos espazos e instalacións reformados dende o día seguinte ao da formalización da acta de recepción das obras.

Sexta. **Comisión de seguimento e control**

Créase unha comisión mixta de carácter paritario entre as dúas institucións asinantes para o seguimento e control do cumprimento deste convenio e para propoñer a resolución das dúbidas de interpretación e das controversias derivadas da súa execución. A comisión estará integrada por tres persoas en representación da consellería e outras tres en representación do concello. A presidencia corresponderá a unha das persoas representantes da consellería. Esta comisión reunirse no prazo de tres días contados dende a petición expresa de calquera das partes.

Oitava. **Vixencia do convenio**

O presente Convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017. A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes no caso de que non se rematasen as obras previstas nel.

Novena. **Resolución**

Será causa de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio.

Décima. **Xurisdición**

O presente convenio ten natureza administrativa. As partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula sexta, para a resolución das posibles controversias sobre a interpretación e o cumprimento do convenio.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan este convenio por triplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

Pola Consellería de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

Polo Concello de Vilagarcía de
Arousa

.....

.....